

RESUMO DE CONTIDOS

Na procura das civilizacións perdidas

Xeografía e Historia
1º ESO



Índice

1. Coñecendo as civilizacións da Antigüidade.....	2
1.1 Mesopotamia: unha terra entre dous ríos.....	2
1.2 Exipto: medrando ao redor do Nilo.....	2
1.3 China: o imperio do Leste.....	3
1.4 A India: vida e morte ao redor do Ganxes.....	3
2. Sociedade e economía en África e Asia: características comúns, diferenzas e particularidades.....	4
3. A relixión.....	7
3.1 Características xerais.....	7
3.2 A relixión en Mesopotamia.....	7
3.3 A relixión no antigo Exipto.....	8
3.4 A relixión na antiga China.....	10
3.5 A relixión na India.....	11
4. A cultura e a arte.....	12
4.1 Cultura e arte en Mesopotamia.....	12
4.2 Cultura e arte en Exipto.....	13
4.3 Cultura e arte na India.....	14
4.4 Cultura e arte en China.....	14

1. Coñecendo as civilizacións da Antigüidade

Nesta unidade imos coñecer catro grandes civilizacións que xurdiron en diferentes puntos do planeta: Mesopotamia, Exipto, China e a India. Todas elas atópanse situadas ao noso leste xeográfico, sendo Exipto a localización máis próxima e China a máis lonxana. Aínda que Mesopotamia non é un país actual, o seu territorio correspóndese co actual Irán. Exipto, China e a India si que existen como tal.

1.1 Mesopotamia: unha terra entre dous ríos

As civilizacións que imos estudar nesta unidade desenvolvéronse na época da Historia que corresponde á Idade Antiga. A Idade Antiga comeza despois da Prehistoria, e nace cando o ser humano inventou a escritura, preto do 3500 a.C. Foi precisamente en Mesopotamia onde se escribiron os primeiros textos da Humanidade empregando a escritura cuneiforme.

Mesopotamia é un termo que vén do grego que significa "terra entre dous ríos". Estes ríos son o Tigris e o Éufrates, que cruzan Oriente Medio e desembocan no Golfo Pérsico. A zona entre os dous ríos é moi fértil, mentres que as zonas limítrofes teñen un clima practicamente desértico. Foi gracias á presenza destas dúas fontes de auga que aquí se desenvolveron grandes civilizacións: a sumeria, a asiria e a babilónica.

O modelo político sumerio era o de cidades-estado: grandes cidades independentes que eran importantes centros de comercio. O goberno recaía sobre un "enisi", que era un líder relixioso e militar, apoiado pola nobreza e sacerdotes. Noutros casos podía haber un rei, pero o principal é que o poder político e o relixioso sempre ían unidos. Unha das principais cidades foi Ur, onde se construíu un inmenso cigurat do que aínda quedan restos.

Os asirios procedían da cidade-estado de Assur. Foron conquistados no 1760 a.C. polo emperador babilónico Hammurabi, que pasou á Historia polo seu código de leis onde a base é a do "ollo por ollo, dente por dente"; é dicir, búscase un castigo proporcional ao crime cometido. Coñecemos este conxunto de leis grazas á gran estela onde se escribiron e que se situaba no centro da cidade para que todo o mundo as vira.

1.2 Exipto: medrando ao redor do Nilo

Exipto é a terra dos faraóns, das momias e das pirámides! Atópase no Norte de África e na súa evolución tivo unha importancia capital o río Nilo.

Os períodos históricos en Exipto dátanse por dinastías, e van dende o período Protodinástico (dende o 3500 a.C.) ata o período de dominación romana (dende o 30 a.C.).

A civilización exipcia desenvolveuse ao longo do río Nilo, famoso polos seus crocodilos, que grazas ás súas crecidas anuais permitía que a terra das súas ribeiras fose moi fértil e producira gran cantidade de colleitas. O clima do país é desértico, polo que todas as cidades e templos máis importantes se situaban ao longo do curso do río. No mapa da esquerda podes ver como as únicas zonas verdes son as que seguen o curso do río.

Ao principio Exipto estaba formado por dous territorios ben diferenciados: o Alto e o Baixo Exipto. Sen embargo, os faraóns (e unha faraona chamada Hatshepsut) foron quen de unificar estes dous territorios baixo o seu dominio. Para representar esta unión crearon unha coroa con dúas partes, cada unha representando un dos reinos: unha coroa branca e de forma alongada chamada hedjet representaba o Alto Exipto; unha coroa vermella chamada deshret representaba o Baixo Exipto. A unión das dúas coroas chamábase sejemti.

1.3 China: o imperio do Leste

Máis aló do Oriente Medio atópase o continente de Asia. China foi o maior imperio do Leste asiático a partires do 1600 a.C. coa dinastía Shang. No ano 1046 a.C. a dinastía Shang foi substituída pola dinastía Zhou, ata o ano 256 a.C., cando o territorio foi unificado por Qǐng Shì Huáng, fundador da dinastía Qīng e considerado o primeiro emperador de China. O emperador estaba asistido por unha burocracia moi especializada que se encargaba do goberno.

Na China tamén hai dous ríos que tiveron unha grande importancia no desenvolvemento da civilización: o Río Amarelo (Huáng Hé) e o Río Azul (Iangtzé). En todas as culturas, pero especialmente en Asia, os elementos da natureza foron moi importantes non só para o desenvolvemento económico, pero tamén o artístico.

A China tamén tivo un grande papel no desenvolvemento de Europa gracias catro inventos que hoxe son fundamentais: o papel, a pólvora, os xeados e a pasta! Estes inventos chegaron a Europa a través do comercio, principalmente pola chamada Ruta da Seda (por terra) e a Ruta das Especias (por mar). Un dos documentos máis importantes para a Historia é o diario de viaxe de Marco Polo, un mercador veneciano que viviu entre os séculos XIII e XIV e que viaxou a China.

1.4 A India: vida e morte ao redor do Ganxes

O principal río da India é o Ganxes. O nome Ganxes significa "o que vai rápido", e ten a súa orixe nos Himalaia e flúe entre a India e Bangladesh. O clima da India, a diferenza con

Mesopotamia e con Exipto, non é desértico, polo que a importancia do Ganxes non se debe só ao seu caudal e á achega de auga á agricultura, senón polo enorme significado espiritual e relixioso que ten para os habitantes do país.

A civilización que xurde na India sobre o 1500 a.C. é a civilización védica. Recibe o seu nome polo conxunto de textos relixiosos denominados "vedas", entre os cales o máis importante é o Rig-veda, composto de xeito oral durante varios séculos.

A diferenza doutras civilizacións, a zona da India estaba ocupada por varios pequenos reinos, pero entre os séculos VI e IV a.C. impúxose o imperio Mauria (322-185 a.C.), que foi o primeiro en unificar o subcontinente, e posteriormente o imperio Gupta. Entre os anos 200 a.C. e o 1200 d.C. prodúcese o período coñecido como "Clásico", onde se sucederon diferentes dinastías gobernantes e no que a India pasou a ser progresivamente un importante centro de comercio con outros reinos, incluídos países de Europa.

2. Sociedade e economía en África e Asia: características comúns, diferenzas e particularidades.

2.1. Características comúns

Sociedade

En xeral, na Antigüidade, existían sociedades moi xerarquizadas onde había estratos sociais ben diferenciados en canto á posesión de riquezas, poder ou influencia e oportunidades.

Unha minoría da poboación era a que gozaba de riquezas, propiedades, terras e cargos políticos ou relixiosos importantes, tendo unha situación privilexiada determinada, en moitos casos, polo nacemento ou pola proximidade á familia real. Pola contra, a maioría da poboación estaba sometida ao poder destes e era a que realizaba os diferentes traballos e servizos.

Ademais, existía un grupo de poboación que carecía de dereitos, sufrían a escravitude, o que implicaba a posesión de persoas e a restrición dos seus dereitos e oportunidades.

Aparte das diferenzas de riqueza e nivel social, nacer neno ou nena tamén determinaba como sería a túa vida. Aplicando os termos que manexamos hoxe, estas sociedades antigas eran en xeral patriarcais, sexistas e machistas.

Patriarcais, xa que os homes, só polo feito de selo, tiñan unha posición de máis poder que as mulleres, por exemplo, podían acceder aos postos políticos e relixiosos máis importantes. Sexista e machista, as tarefas e labores tanto económicas como sociais estaban asociadas a sexos diferentes, as consideradas máis importantes e mellor pagadas eran en xeral desempeñadas por homes (pensa na cantidade de nomes de reis e faraóns da antigüidade que coñeces) e as consideradas inferiores e peor pagadas eran desempeñadas por mulleres. Aínda así, nas sociedades antigas houbo moitas mulleres que desafiaron os roles de xénero e levaron vidas moi diferentes ás da maioría. Cada vez coñecemos máis exemplos grazas ás investigacións da Historia de Xénero.

Economía

A acumulación de excedente, debido a un mellor aproveitamento da auga dos ríos (diques e canles de irrigación) e ao aumento de terra cultivable, fixo que a economía se volveise moito máis complexa. Algunhas características son:

- A principal actividade económica segue sendo a agricultura.
- A gandería ten máis importancia na rexións áridas.
- A artesanía experimenta un gran crecemento cantidade, variedade e acabado.
- Non se emprega a moeda como a entendemos hoxe pero si empregan o valor de metais preciosos como referencia.
- Practícase o troco.
- A actividade comercial aumenta notablemente.
- Os centros de poder político e/ou relixioso recadan impostos.

2.2 Particularidades

Exipto

No Antigo Exipto o saber e o coñecemento estaban nas mans dos sacerdotes, que tiñan moito poder e influencia xa que as persoas crían que tiñan poderes máxicos.

Os escribas eran funcionarios que se dedicaban a tarefas de administración, para conseguir o posto tiveran que formarse e estudar moito, polo que eran moi valorados socialmente.

As mulleres en Exipto, non gozaban dunha situación de igualdade social cos homes pero, tiñan certos dereitos que facían que a súa situación fose mellor que en calquera das outras sociedades antigas e que en moitas de outras sociedades posteriores, recordade que non todo avance no tempo significa progreso.

Eses dereitos eran:

- Posuír bens baixo o seu nome.
- Rexentar negocios.
- Divorciarse.
- Herdar bens.

Como consecuencia disto, houbo varias mulleres que exerceron por dereito propio o cargo de faraón, como por exemplo Sobeknefrure, Hatshepsut, Nefertiti ou a última faraoa de Exipto antes de ser conquistada polos romanos, Cleopatra.

Mesopotamia

Enheduana, acadia, filla do rei Sargón I (2335 a.C.-2279 a.C.), foi a primeira escritora da Historia que coñecemos polo seu nome, escribiu moitos poemas e oracións e foi unha sacerdotisa moi poderosa.

Mesopotamia estivo formada por grandes cidades que albergaban a moitas persoas o que facía que houbo conflitos entre elas a diario, isto deu lugar a invención das leis que se puideron rexistrar por escrito por primeira vez na Historia. O conxunto de leis máis antigo foi o de Ur-Nammu (2112 - 2095 a.C.), rei de Ur, que solucionaba case todas as situacións co pago de prata ou coa pena de morte. Tempo despois, en Babilonia, o rei Hammurabi, quixo asegurarse que se trataba a todo o mundo con xustiza e mandou elaborar un novo código legal -o código de Hammurabi-, onde se especificaba moitas situacións diferentes e o proceder que había que seguir ante cada unha. O código de Hammurabi (1750 a.C.) é o conxunto de leis escritas máis antigo conservado no mundo. Podes atopalo no museo do Louvre.

India

Na India estableceuse unha división social baseada no sistema de castas, que ten a súa orixe na relixión hindú. Existen catro castas xerarquizadas en canto a pureza:

- Os *brahmans*, os sacerdotes, o seu papel social é o máis importante..
- Os *chatrias*, nobres e guerreiros, poder político.
- Os *vaishias*, comerciantes, gandeiros, artesáns....
- Os *shudras*, dedicados a servir ao resto das castas, a maioría dedícanse á agricultura.

As persoas que non pertencen a ningunha destas castas son os dálit, os oprimidos, os “impuros” e chamados de forma pexorativa “intocables”. Estas persoas sufrían moita marxinación e discriminación. A constitución india en 1949 aboliu a discriminación por motivo de casta pero a súa pervivencia social chega ata os nosos días.

China

En torno ao ano 130 a.C, a dinastía Han de China, quixo establecer vías de comercio continuo con occidente para coñecer todo o que esas lonxanas terras podían ofrecer. Así, o principal produto que viaxa dende China era a seda, o que fixo que ao longo dos séculos se lle acabase chamando a estas vías a “Ruta da Seda”. En realidade, aproveitábanse rutas comerciais establecidas xa antes polos persas e a ruta conectaba oriente con occidente, dende China, pasando por India, Mesopotamia, baixando a Exipto e chegando a Europa. Esta ruta estivo activa ata que en 1453 os turcos otománs conquistaron Constantinopla, o que motivou a creación de novas rutas mariñas que acabaron favorecendo a chegada dos europeos a América.

3. A relixión

3.1 Características xerais

Nas civilizacións fluviais practicábase o politeísmo e os seus habitantes pensaban que os deuses e deusas interviñan na súa vida, polo que sempre buscaban o seu favor a través de oracións e ofrendas. Crían que os deuses tiñan un aspecto humano ou, nalgúns civilizacións, como a exipcia, no que se mesturaban características dos seres humanos e de determinados animais, ademais de posuír unha serie de atributos e poderes que os diferenciaban dos outros.

Consideraban que soamente os gobernantes podían comunicarse con eles e elas, delegando esa capacidade nos sacerdotes e sacerdotisas, que eran os encargados de celebrar o culto e de entregarlle as ofrendas á divindade. A relixión era un modo de dominar ao pobo.

3.2 A relixión en Mesopotamia

Deuses e deusas

Os habitantes da antiga Mesopotamia crían en varios deuses e deusas, destacando Anu, deus do ceo, Enlil, deus da auga, Istar, deusa da guerra e da fecundidade ou Enki, deus da terra. Cada cidade-Estado tiña a súa divindade protectora. O seu aspecto e comportamento era humano, pero, a diferenza das persoas, eran inmortais. Eran temidos pola súa extrema crueldade (un exemplo disto o temos no diluvio que provoca o deus Enlil porque os seres humanos non o deixan durmir).

Os habitantes de Mesopotamia crían que foran creados polos deuses para servirles e que todos os males que padecían ao longo da súa vida estaban provocados por facer algo mal ou por non manter contentas ás divindades.

Unha visión negativa da morte

Tiñan unha visión negativa da morte porque crían que todas as persoas que morrían, tiveran mal ou bo comportamento, acababan nun inframundo onde eran maltratados e pasaban fame.

Os sacerdotes

Os sacerdotes eran os representantes dos deuses na terra. Eran os únicos que podían acceder aos cigurats, onde residían as divindades. Tamén tiñan outras funcións como:

- Manter o equilibrio do mundo a través da realización de ritos.
- Coidar as estatuas dos deuses e as diversas dependencias do templo.
- Realizar ritos de adiviñación.
- Formar a outros sacerdotes.

Os templos

Os templos, chamados cigurats, tiñan as seguintes funcións:

- Lugar de adoración do deus/deusa correspondente.
- Centro de adiviñación.
- Espazo de estudos astronómicos.

Os libros sagrados:

Na cultura mesopotámica, sobre todo, na babilónica, atopamos un gran número de textos de carácter épico, máxico, moral, divinatório.....recollidos en táboas de arxila. Destaca o Poema de Enûma Elish, no que se narra a orixe do mundo e o Poema ou Epopea de Gilgamesh, o texto literario máis antigo do mundo.

3.3 A relixión no antigo Exipto

Deuses e deusas

O pobo exipcio cría en varios deuses e deusas, que tiñan un aspecto metade humano e metade animal. Destacaban Atón-Ra, deus da creación e do sol, Osiris, deus da resurrección, Isis, deusa da vida, Horus, deus do ceo ou Anubis, deus da momificación. Cada cidade rendía culto a diferentes divindades.

Visión pesimista da morte

Os exipcios tiñan unha visión positiva da morte e do máis alá, que era máis importante que a propia vida na terra. Pensaban que a alma das persoas, despois de morrer, continuaban vivindo noutro mundo, xunto ao seu corpo. A vida eterna ou segunda vida era igual á do mundo dos vivos, polo que nas tumbas se pintaban escenas da vida cotiá ou se deixaban estatuínas que representaban aos diferentes oficios.

A momificación

A momificación, complexo e longo ritual destinado ás familias máis poderosas e ricas, tiña como obxectivo que o cadáver non se escopeteara e puidera desfrutar da vida eterna.

Culto aos animais

Era habitual render culto a determinados animais, como o gato, os crocodilos ou os hipopótamos, porque crían que eran manifestacións de deusas e deuses.

Os sacerdotes

Cada templo tiña unha serie de sacerdotes que se encargaban de coidar as estatuas e dependencias do deus ou deusa ao que se lle dedicaba. Os primeiros sacerdotes soamente se encargaban de cuestións relixiosas, pero co paso do tempo, comezaron a adquirir máis poder e riqueza. O número de sacerdotes nun templo dependía da importancia do deus, por exemplo, o templo de Karnak, dedicado ao deus Amón, chegou a contar con 80.000 sacerdotes.

Cada sacerdote tiña unha especialidade diferente: astronomía, medicina, divinización. Podían desempeñar, fóra de templo, outras profesións e, incluso, podían contraer matrimonio. Había sacerdotisas, encargadas de cuestións relacionadas coa música e a danza, disciplinas que servían para compracer aos deuses e deusas. Era normal que o oficio de sacerdote pasara dos pais aos fillos.

Os templos

As divindades habitaban nos templos, construídos en pedra, de dimensións colosais e atendidos por sacerdotes, encargados de coidalos e de realizar ofrendas e ritos.

Libros sagrados

Non había un só libro sagrado, cada templo tiña o seu. Moitos dos seus textos aparecían nas paredes das tumbas. Destaca o "Libro dos Mortos", un conxunto de papiros onde se explicaban os aspectos máis importantes para prepararse e alcanzar a vida eterna; explicando o proceso de momificación ou os medios para que os deuses e deusas favoreceran ao defunto.

O faraón

O faraón eran considerado un deus, personificación do deus Horus, intermediario entre os seres humanos e as divindades e encargado de manter o equilibrio no mundo. A poboación cría que era capaz de provocar as enchentes do Nilo.

3.4 A relixión na antiga China

Deuses:

A partir da dinastía Shang (1776-1046 a.C.), comezou a organizarse unha relixión politeísta, na que destacaba o deus Shangdi, creador supremo, e unha serie de deuses inferiores, destacando o deus da chuvia, Iinglong (o rei dragón) a deusa da humanidade, Nuwa (metade muller e metade dragón), ou o deus do lume, Fuxi. Destacaron os ósos oraculares, ósos de animais ou caparazóns de tartarugas, onde aparecía escrita unha pregunta que se facía á deidade e a resposta que esta daba a través dun intermediario.

A vida despois da morte

Crían nas pantasma, que eran os espíritos das persoas que non foran correctamente soterradas ou que tiñan algún problema que resolver relacionado coa súa vida na terra e ás que se debía de honrar para que non actuaran de forma negativa nos vivos.

Monxes e sacerdotes

As prácticas relixiosas na antiga China comezaron hai uns 9000 anos, con aspectos relacionados coas forzas da natureza, coa terra, co xamanismo, coa adiviñación ou co culto aos antepasados.... A consulta ao chamán era levada a cabo polo gobernante (o rei), na súa corte e a través de sacrificios de animais e con ritos nos que había música e bailes.

Os reis máis antigos, a diferenza de Mesopotamia e do antigo Exipto, non eran considerados deuses, senón sumos sacerdotes. Os sacerdotes e os monxes dirixían os templos e santuarios, onde se adoraban aos diferentes deuses. As mulleres coidaban as imaxes das deidades.

Os templos

Os templos eran os lugares onde residían os deuses e deusas, onde soamente podían acceder os sacerdotes, monxes ou as persoas encargadas do coidado das súas imaxes.

Outras crenzas

A partir do século VI a.C. desenvóléronse unhas correntes de pensamento filosófico que supuxeron unha mentalidade máis racional e menos máxica no crente: o confucianismo e o taoísmo.

3.5 A relixión na India

Deuses e deusas

Era politeísta, cun gran número de deuses e deusas, fálase de millóns, destacando Brahman, causa e fin da existencia, Brahma, a personificación de Brahman na súa faceta creadora; Visnú, deidade positiva que mantén a estabilidade do universo e Shiva, deus destrutor e renovador do universo.

Os deuses e deusas tiñan aspecto humano, pero ás veces se lle engadían varias cabezas ou brazos e, incluso, se mesturaba con elementos animais, como cabezas de elefantes.

Un camiño para a salvación

As primeiras crenzas relixiosas da civilización india relaciónanse coas forzas da natureza, que interviñan nas vidas dos seres humanos, polo que había que facerlles ofrendas para que lles foran favorables. A partir desas crenzas, xunto coa relixión do pobo invasor dos arios, entre o 1750 e o 1500, xurdiu o hinduísmo.

As crenzas e ritos no hinduísmo non estaban unificadas, pero destacaban, e destacan, os seguintes principios:

O karma, que significa "acto" ou "obra", polo que as almas dos seres humanos renacen continuamente en diferentes corpos, dependendo do seu comportamento nas anteriores vidas.

O dharma, que significa "soster", é unha especie de lei que indica aos seres humanos o comportamento que deben ter ao longo da súa vida.

O samsara, ou reencarnación, que ten como obxectivo final identificarse co Brahman.

Os sacerdotes

Os monxes tiñan un papel importante nesta relixión, xa que axudaron a expandir o hinduísmo por toda a India

Os templos

Os templos non eran lugares onde se celebrara un culto diario, tendo como principal función que as persoas se conectaran cos deuses e deusas a través da oración e das ofrendas. Os primeiros templos eran moi parecidos aos budistas e, incluso, se localizaban en covas escavadas na rocha.

Libros sagrados

Había moitos libros sagrados, destacando o Rig-veda, onde aparecen as bases do hinduísmo.

4. A cultura e a arte

No seguinte apartado vas aprender sobre a cultura e a arte das civilizacións da Antigüidade. As civilizacións fluviais que estamos a estudar coñeceron un importante avance cultural: a aparición da escritura. Ese feito marca o paso da Prehistoria á Historia. Ademais, foron culturas cunha gran riqueza artística.

4.1 Cultura e arte en Mesopotamia

A escritura e a ciencia

A civilización mesopotámica desenvolveu unha das culturas máis avanzadas do mundo antigo. Neste aspecto, a invención da escritura foi a contribución máis salientable. As primeiras manifestacións escritas vincúlanse ao pobo sumerio entre o 3500 e o 3400 a.C. Inicialmente empregaban signos pictográficos, aínda que co tempo foron evolucionando ata formas máis esquematizadas como a escritura cuneiforme. Chámase así pola forma de cuña que adquirían as incisións feitas cun obxecto punzante sobre táboas de arxila.

Os primeiros documentos escritos empregábanse para anotar a contabilidade de palacios e templos. Despois comezaron a redactarse leis, como o Código de Hammurabi, e poemas relixiosos de carácter épico como o Poema de Gilgamesh.

A necesidade de predicir fenómenos celestes determinou o desenvolvemento da astronomía. A súa aplicación práctica foi importante para as colleitas e permitiu a elaboración dun calendario moi preciso.

Nas matemáticas empregaron un sistema de numeración sexagesimal e fixeron achegas destacadas en aritmética e xeometría.

A arte

Engloba as manifestacións das diferentes culturas que se desenvolveron entre a civilización sumeria e a caída de Babilonia. A arte mesopotámica adoita expresar o poder da relixión e dos gobernantes.

Na arquitectura, realizaron construcións monumentais, pero con materiais pobres como o adobe: ladrillos de barro cocido ao sol. Logo revestíanse con acabados máis luxosos como o mármore. Tamén inventaron elementos construtivos tan importantes como o arco e a bóveda. O tipo de edificio máis característico era o cigurat, templo que facía a función de morada dos deuses. Estruturábase como unha pirámide disposta en varios chanzos: o superior albergaba o santuario.

En canto á escultura, era habitual que estas representaran a persoas de rango social elevado en actitude orante e con aspecto idealizado. Por outra banda, os relevos adoitaban ser máis realistas, representando animais ou acontecementos bélicos.

4.2 Cultura e arte en Exipto

A escritura e a ciencia

A escritura do antigo Exipto coñécese como escritura xeroglífica. Igual que en Mesopotamia, empregaba pictogramas: signos e debuxos que representan ideas. Representábase en pedra, muros ou papiros, e os encargados de facelo eran os escribas. A escritura xeroglífica non se descifrou ata o século XIX, cando o exiptólogo francés Jean-François Champollion descubriu a Pedra Rosetta: un fragmento de rocha co mesmo texto en escritura xeroglífica, demótica e grego antigo.

No antigo Exipto a ciencia tiña un gran prestixio. Desenvolveron as matemáticas e a astronomía, elaborando calendarios baseados na observación do firmamento. Na medicina eran frecuentes as operacións cirúrxicas, e aplicaban métodos de curación para diferentes doenzas.

A arte

A arte en Exipto estaba ao servizo dos faraóns e da relixión.

A arquitectura era monumental, pensada para a eternidade. Por iso empregaba materiais duradeiros como a pedra. Usaba tamén columnas e teitos planos. Os edificios máis destacados eran de tipo relixioso: as tumbas e os templos.

As mastabas son as construcións funerarias máis antigas, que semellan unha pirámide truncada sen o remate superior. O espazo de enterramento situábase nunha cámara baixo terra. As pirámides eran o lugar de enterramento do faraón e a familia real. Chegaron a ter unha complicada rede de corredores e pasadizos para evitar os saqueos de tumbas. As pirámides máis célebres e monumentais son as dos faraóns Keops, Kefrén e Micerino. Por último, os hipoxeos eran enterramentos escavados na rocha, como o dedicado á raíña Hatshepsut.

En escultura realizáronse estatuas e relevos, case sempre en pedra. Adoitaban representar ao faraón e a divindades, idealizados e nunha pose frontal e ríxida.

A pintura decoraba os muros de templos e tumbas. As cores eran planas e as figuras ríxidas, con pouco realismo ou expresividade. Era habitual a lei da representación frontal: pernas e cabeza dispóñense de perfil, mentres o torso e os ollos vense de fronte.

4.3 Cultura e arte na India

A civilización india máis antiga foi a que se desenvolveu no val do Indo entre o 2500 e o 1500 a. C. Foi unha cultura neolítica que elaborou un sistema de escritura propio e estableceu vínculos con Mesopotamia. Tivo varias cidades planificadas, como Mohenjo-Daro e Harappa, con construcións nas que se empregaba o barro cocido e incluso a bóveda. Destaca o traballo artesán en bronce, elaborando ferramentas pero tamén esculturas como a *Bailarina* de Mohenjo-Daro. Consérvanse ademais esculturas en terracota que representan carros, animais ou figuras humanas, algunhas asociadas ao culto á fertilidade.

O período Védico desenvolveuse entre os séculos XV e VI a. C. Foi unha etapa de esplendor literario con grandes poemas épicos escritos en sánscrito: o Mahabharata e o Ramaiana.

Na arte consérvanse só uns poucos obxectos de bronce e cerámica, xa que o habitual era empregar materiais perecedoiros como a madeira e o barro cocido.

4.4 Cultura e arte en China

As principais culturas chinesas da Idade Antiga desenvolvéronse nas beiras de dous grandes ríos: o Amarelo e o Iangtzé. Igual que noutras civilizacións antigas, tiña unha gran importancia a relixión. Mais, a diferenza doutras occidentais, na cultura chinesa dábase máis relevancia á natureza.

As manifestacións artísticas como a cerámica, a porcelana, a seda ou a caligrafía tiñan a mesma relevancia que a arquitectura, a escultura ou a pintura. Na dinastía Shang realizáronse grandes recipientes de bronce para rituais funerarios; os máis característicos son decorados co motivo taotie, unha especie de máscara animal.

Na dinastía Qin destacan as estatuas dos guerreiros de Xi'an: máis de 8000 esculturas de soldados de terracota que formaban parte da tumba do primeiro emperador da China.

